

## Cavilacións diante dun poema inédito de Otero Pedrayo

**Xosé Manuel Salgado**

### **Formas de citación recomendadas**

#### **1 | Por referencia a esta publicación electrónica\***

SALGADO, XOSÉ MANUEL (2011 [2004]). “Cavilacións diante dun poema inédito de Otero Pedrayo”. *Boletín Galego de Literatura*: 30, 117-126. Re-edición en *poesiagalega.org*. *Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura*. <<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/323>>.

#### **2 | Por referencia á publicación orixinal**

SALGADO, XOSÉ MANUEL (2004). “Cavilacións diante dun poema inédito de Otero Pedrayo”. *Boletín Galego de Literatura*: 30, 117-126.

\* Edición dispoñíbel desde o 9 de marzo de 2011 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

## Cavilacións diante dun poema inédito de Otero Pedrayo

Xosé M. Salgado

Pensamos que está fóra de toda discusión a consideración de Otero Pedrayo coma un autor imprescindible no sistema literario galego, sen o cal se fai dificilmente ilustrábel a nosa historia literaria. E crémolos así, xa que á marxe da fecunda actividade que desenvolveu no tempo que lle tocou vivir, de enorme proxección pública, don Ramón foi sobre todo un escritor, condición que acepta unha pluralidade na que non é fácil destacar nitidamente unha especialización coma a do ensaísta, autor dramático, poeta ou novelista. Con todo, a demostración das súas calidades como poeta e dramaturgo non se corresponden co alento sostido que demandaría unha obra de maior calado na súa concepción e cumprimento.

117

Polo que atinxe en concreto á súa aparición como poeta, prodúcese esta nas páxinas de *A Nosa Terra* co poema “Nouturnio”<sup>1</sup> —título que inevitabelmente trae ao noso maxín o excelente poema homónimo de Curros Enríquez—, e que aparece tan só un mes despois de principiar a súa andadura novelística con *Pantelas, home libre*<sup>2</sup>. En realidade, isto non implica que Otero Pedrayo non visitase antes os eidos de Polimnia porque a súa obra poética está sumamente dispersa e cabe a posibilidade de que algún día poidamos bater cun dos seus poemas, publicado con anterioridade á devandita data.

Para todos os coñecedores da biografía oteriana, sabida é a resposta que dá a Filgueira Valverde cando este, polos anos anteriores á guerra civil, preparaba unha *Antoloxía* consultada da poesía galega. Con aquel “*Non sum dignus*”,

---

<sup>1</sup> *A Nosa Terra*, nº 214, (1-VII-1925), p. 8.

<sup>2</sup> Esta noveliña, oitava da colección “Lar”, leva como data de publicación o 6 de xuño de 1925.

Otero manifestaba o seu rexeitamento a que o seu nome figurase entre a nómina de poetas da nosa literatura<sup>3</sup>. Así mesmo, coñecida é tamén a súa negativa a dar ao prelo un libro de versos, cando, ás veces de forma insistente, foi requerido para tal fin<sup>4</sup>. Soamente nunha ocasión vai acceder a tal petición cando os rapaces de *Brais Pinto* lle solicitan un libro para inaugurar a súa colección de poesía. Xorde así *Bocarribeira*, o único poemario escrito por doñ Ramón, publicado en Madrid en 1958.

A razón que movería a Otero a dar á luz un libro de versos, coidamos que hai que buscala, non tanto no troco da súa forma de proceder, radical se se quer, respecto da súa negativa a escribir un poemario coma na motivación de carácter afectivo que sentía por aqueles mozos. Algúns deles, no caso de Méndez Ferrín e de Ramón Lorenzo, foran ata había pouco os seus alumnos nas aulas da vella universidade compostelá pero todos eles representaban para Otero o futuro, o eido onde tería que agromar a nova semente do galeguismo, a xeración destinada a recoller o lábaro ergueito por Castelao que o propio don Ramón se encargaría de adiar. Morto o rianxeiro, adoito manifestaba Otero Pedrayo que a súa misión na vida era a de transmitir aos máis novos a mensaxe política do autor de *Sempre en Galiza*.

*Bocarribeira* é xa que logo, o único libro de versos que nos deixou o ourensán. De todos os xeitos, convén non esquecer as verbas que a modo de subtítulo aparecen impresas no volume: “*Poemas pra ler e queimar*”, máxima que posibelmente remita a ese desexo do autor de non inserir os seus versos nun poemario e de ser inevitábel, como agora sucede, adoptar a mesma actitude daqueles que como Virxilio, Rosalía de Castro ou Kafka mandaron dar ao lume os seus escritos, aínda sen atoparse no transo físico destes.

A xulgar polas moitas páxinas que deixou escritas sobre poesía e poetas de todos os tempos e latitudes, non resulta difícil decatarse do exquisito degustador, do fino comentarista e sagaz analista de poesía que foi Otero Pedrayo. E á vista disto cabería formulármonos varias preguntas. ¿Víase a si mesmo coma un poeta? ¿Coidaba que a súa poesía tiña a calidade suficiente para entregala ao público? ¿Pensaba que outros poderían contribuír mellor ca el a enrique-

---

<sup>3</sup> Xosé Filgueira Valverde, “Seis inéditos de Otero Pedrayo”, *CEG*, XXXI/93-94-95 (1978-1980), p. 13.

<sup>4</sup> Vid. Xesús Alonso Montero, “Da poesía de Otero Pedrayo: Esquema histórico dos seus vindicadores”, en *Oteriana*, Ourense: Publicacións da Fundación Otero Pedrayo, 2000, pp. 89-91.

cer o panorama lírico que lle era contemporáneo? Na resposta a estes e outros interrogantes que por agora se nos escapan, quizais se encuentre a solución á negativa oteriana, agás no caso sinalado, a publicar os seus poemas en forma de libro.

O certo é que a súa obra poética, adscrita a varios rexistros idiomáticos —alemán, castelán e latín entre outros—, áchase totalmente dispersa en publicacións de diversa índole, dende revistas que mantiñan unha periodicidade estábel ata outras de vida efémera e de mínima difusión e mesmo en medios tan diversos como poden ser os programas manuais de festa ou folletos e opúsculos de calquera asociación cultural ou veciñal. Esta gran dispersión da súa poesía eríxese nun dos graves atrancos á hora de poder reunila algún día na súa totalidade.

Pero un novo problema, se cabe de maior entidade, viría engadirse a esta xa de por si complicada e dificultosa tarefa. Con motivo dalgún suceso feliz que lle acontecía a algún dos seus amigos, como podía ser, poñamos por caso, o nacemento ou a primeira comunión dalgún fillo, adoitaba felicitalos ás veces por medio dun poema, poema que nalgunha ocasión insería tamén nas dedicatorias das súas propias obras cando llas remitía a algún deles ou a calquera institución pública ou privada. Soamente confiando na boa vontade dos familiares dos amigos de don Ramón e no celo e dilixencia dos responsábeis dalgunhas institucións se pode acceder a ese corpus íntimo e semiclandestino de Otero que a xulgar polas mostras que nos foron chegando, semella non ser exíguo; doutro xeito, corremos o risco de que algúns dos seus poemas se perdan para sempre.

Para gozo e disfrute dos amantes da boa poesía mais tamén, co fin de evitar o perigo de que un dos seus poemas caia no esquezo, damos hoxe á luz os versos que el escribiu nas páxinas que preceden ao texto da segunda edición da súa *Guía de Galicia*, correspondente ao ano 1945, volume, que como se pode ver na reprodución facsimilar, envía como agasallo á Academia Galega para a súa biblioteca. Estamos certos así mesmo, de que este poema vai contribuír a que a súa cotización como poeta na bolsa literaria se volva incuestionábel.

Quixeramos antes de nada, agradecer ao noso colega e amigo, o profesor Xosé Luís Axeitos, o poñernos sobre a pista que nos levou a tan grata descuberta. Sen o seu paciente labor escrutador e o que para nós é máis importante, sen a súa xenerosidade, estas verbas que agora deita a nosa pluma endexamais verían luz. Sen máis, velaquí os versos de don Ramón:

Hoxe a primeira lus do vago outono  
peneirada entr'as nubens fuxidías  
acariñando docemente as cousas  
fai da maina paisaxe ara saudosa  
pró doce sacrificizo das lembranzas...  
Na solaina as espigas ben tecidas  
asoéllanse aos poentes dispazosos  
e nas costas e vals nascen as cántigas  
co longo ecoar antigo das vendimas.  
Un ciclo durme n'ouro das espigas,  
outro máis longo nos maduros acios,  
i entramos aconsellan, docemente,  
o meditar no símbolo senlleiro  
das vidas xa trocadas polas azas  
do derradeiro outono. Paseando  
polos vellos carreiros ond'os buxos  
fan sebe á procisión d'outos recordos,  
miro d'Antón Lousada o nobre rosto  
frolido nun sorrir com'unha flama,  
sinto chegar - os ollos esculcantes  
afitan o misterio, i a tromenta  
fáiselle doce orballo nas pálpebras -  
ao xeneroso amigo Vilar Ponte.  
E vexo ca sua risa de petrucio  
A Cabeza de León, mestre ispirado,  
e moitos máis ilustres, esquencidos,  
pasan en estadea comovida.  
¿Quen poidera gabalos? Só saloucos  
rexistran o seu paso. Mais as bágoas  
deitan fondo consoo, e sua acedume  
trócase en rexa i espranzada arela.  
Todos viven en min cal si ista hora  
da serán pendurada sobr'a noite  
fora pra sempre o ton da miña vida  
adicada a curtar loureiros novos  
i estralos sobr'as cobas...<sup>5</sup>.

---

<sup>5</sup> O texto que ofrecemos é, na súa esencia, totalmente fiel ao de don Ramón. Unicamente efectuamos algunhas modificacións gráficas do tipo: *i-entramos* > *entramos*; *i-a tromenta* > *a tromenta*; *i-estralos* > *estralos*; *pol'os* > *polos*; *n'un* > *nun*. Consonte os parámetros actuais, eliminamos tamén o acento gráfico, segundo fose necesario. Así mesmo, é polo que se refire ás maiúsculas de inicial de verso, transformámolas en minúsculas de non iren precedidas de punto.

Pr'a Biblioteca da Academia  
Galega, M. Azevedo Perayó,

Trasalba Sep. 1945.

GUIA DE GALICIA

Hoxe a primeira luz do vago outono  
Peneirada entr'as nuvens fuxidas  
Acarinãndo docemente as cousas  
Fai da maína paisaxe ara saudosa  
Pr'o doce sacrificio das lembranças...  
Na solaina as espigas ben tecidas  
Asoellanse aos ventos disparos  
E nas costas e vals nascen as cántigas  
Co longo ecoar antigo das vendimas.  
Um ciclo dorme n'ouro das espigas,  
Outro mais longo nos maduros ácios,  
Y entramos a consellan, docemente,  
O meditar no simbolo renlleiro  
Das vidas xa trocadas pol'as azas  
Do derradeiro outono. Pascaudo  
Pol'os vellos carreiros ond'os buxos  
Fai rebe a frocisión d'outos records,  
Uiro d'Antón Lousada o nobre roto  
Frolido n'um sorrir com' unha flama,  
Sinto chegar - os ollos esculcantes -  
A fitou o misterio, i - a frumcuta  
Fairelle doce orballo nas palpebras -  
Ao xeneroso amigo Vitar Ponte.  
E vexo ca sua risa de petrucio  
A Cabera de León, mestre inspirado,  
E moitos mais illustres, co gremio d'os,  
Pasan en esta deca comorida.

¿Quen podería gabalos? Só saloucos  
Registrou o teu paso. Mais as bágoas  
deitan fondo couso, e tua acedume  
Trocase en vexa i-espranzada arela.  
Todos viveu en min cal si ista hora  
Da zerau pendurada sobre a noite  
Fóra pra sempre o ton da miña vida  
Adicada a curtas loureiros novos  
T-estrálos sobre as cobas.....



Consta o poema de trinta e cinco versos hendecasílabos brancos, con ritmo sáfico, máis un heptasílabo trocaico. De xeito sumamente sintético podemos compendiar o seu asunto, que se traduce na evocación de lembranzas que cobran figura humana e que asaltan ao poeta cos primeiros recendos do outono, motivo este último que está presente nos quince primeiros versos do poema e que nos parece fundamental para o desenvolvemento do mesmo.

Como se sabe, o cambio e sucesión das estacións, foi sempre unha metáfora recorrente, e por iso de longo percorrido, posta nos camiños da literatura polo sentimento do tempo e a convicción que o home ten da súa caducidade. Metáforas das fases da idade e do tempo, as estacións veñen ser un modelo de representación refrendado polo correlato obxectivo da Natureza e permiten ver, proxectados nun espello representativo, o esbarar do tempo sobre o home e o esbarar do home sobre o tempo.

Don Ramón amaba o outono e no outono enmarca e se suceden as escenas dotadas de maior simbolismo na súa obra de ficción. Para quen viu na paisaxe algo máis cá súa face fenoménica —a impresión sensorial que provoca en Otero desvela sempre resonancias afectivas—, as sensacións visuais —a riqueza colorista do outono— e as auditivas—os mil ruídos que poñen vida na paisaxe outonal e que axudan a facela movediza—, espertan nun primeiro momento nel, como se pode apreciar no poema, unha sensación de paz e serenidade, un desexo entre epicúreo e horaciano, para logo recalar na tristura e melancolía asociada ao paso do tempo que fala desa acuidade coa que o ourensán sente o ir morrendo que é a vida.

Cómpre ter presente por outra banda, que no medio do outono, está, dende a Idade Media, a festa litúrxica na que se recorda aos mortos, que enchoupa toda a cultura europea e que segue hoxe a mobilizar masas de xentes cara as sepulturas dos seus deudos, festa á que Otero se referiu en moitas das súas páxinas ensaísticas e que ten tamén un amplo eco na súa obra ficcional.

Non podemos concluír que haxa por parte do poeta unha visión pesimista do outono; non o fire pero mesmo sendo fermoso para os ollos, lacérao, porque a memoria dos mortos mórdeo quizais máis, cando a natureza se dispón a morrer ela mesma, aínda en medio de esplendores.

Creemos que non descubrimos nada novo ao afirmar que as biografías de case todos os escritores explican moitos aspectos e circunstancias das súas respectivas obras e no caso concreto de Otero Pedrayo, pensamos que as explican de maneira directa e en maior medida cás doutros moitos. Por outra banda, polos poemas que del coñecemos e este que agora editamos vén corroborar a nosa afirmación, endexamais se manifesta Otero coma un poeta hermético, cerebral ou coma alguén que concibe a poesía coma un xogo meramente esteticista e mesmo cando crea mundos ilusorios non se dá liberado da súa cadea humana e do mundo exterior a el. Na súa poesía, apenas podemos afastar o home do poeta; o poema xa que logo, ten a voz da autenticidade, característica que puxo xa de manifesto Claudio Rodríguez Fer ao precisar que os seus poemas “son pezas de inestimábel interese para comprender a súa personalidade humana e literaria, xa que neles o home entrégase libremente en toda a súa autenticidade e sinceridade”<sup>6</sup>. Coidamos que cómpre non perder de vista estas dúas observacións para o que de seguido imos expoñer.

Como se pode comprobar na reprodución do manuscrito, Otero asina a dedicatoria da súa *Guía á Academia* no mes de setembro de 1945, mes no que supoñemos escribiu o poema. Por estas datas, a voz de Otero Pedrayo, afogada e oculta entre os pregues da posguerra, permanece calada naquel tempo de cinzas e silencio. Náufrago nun maelström do que é incapaz de determinar a súa dirección, vai ser entón cando entrega nunha botella ao mar o que Méndez Ferrín cualificou coma “o máis fermoso dos panfletos do mundo contra o fascismo e que se titulou *O libro dos amigos*”<sup>7</sup>. Otero asina o limiar a estas “39 necrolóxicas excelsas en calquera literatura”<sup>8</sup> o 1 de outono de 1945, data na que algúns dos amigos aos que se refire no libro, como é o caso de Primitivo Rodríguez Sanjurjo, Portela Valladares e Castelao, tiñan asento aínda no mundo dos vivos. Mortos están xa os que aparecen nomeados no poema —Lousada Diéguez, Vilar Ponte e Cabeza de León—, pero se se cotexan limiar e poema non é difícil decatarse da similitude de contidos que presentan ámbolos dous textos. Repare o lector nas verbas iniciais do limiar onde apare-

---

<sup>6</sup> Claudio Rodríguez Fer, “Otero Pedrayo á luz do *Quinqué de petróleo*”, *Actas do Simposio Internacional Otero Pedrayo no panorama literario do século XX*, Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega, 1990, p. 49.

<sup>7</sup> X.L. Méndez Ferrín, “Irmán don Ramón”, *Diario de Galicia*, (23-IV-1988), recollido posteriormente en *Co son honrado das antigas falas*, Ourense: Publicacións da Fundación Otero Pedrayo, 2001, p. 53.

<sup>8</sup> Vid. Xesús Alonso Montero, *Oteriana*, O. C., p. 59.

ce unha sorte de salutación ao outono e, sobre todo, nas seguintes referencias que o prologuista fai dos seus amigos:

Son eles, ós amigos mortos, en min e no meu amor liberdados do que a coba e o tempo poidera tere de fadabilidade, os que fan iste libriño. Por eles o meu vivir foi i ha sere nobre i ergueito (...) Eles han chegare, un tras outro,... obedentes a quen con moita sede de consolo e compañía os desperta unha ves máis do seu ensoño d'além<sup>9</sup>.

Estas alusións, ao noso entender, conectan de forma evidente co contido que traslocen os últimos versos do poema.

Cremos pois, que prólogo e poema de quen está entregado á anguria, alou-lado polo propio transcórren da vida, resolvéndose cheo de inquietude, de dúbidas, de milleiros de preguntas cara a porta pechada do porvir, non deixan de ser distintas elaboracións para unha mesma necesidade, para unha mesma obsesión expresiva envorcada cara a vertixe da contemplación do pasado.

---

<sup>9</sup> Ramón Otero Pedrayo, *O libro dos amigos*, Buenos Aires: Ediciones Galicia del Centro Gallego de Buenos Aires, 1953, pp. 7-8.